

RAPA

Alejandro Enríquez, 2023

1261

ESTREA EN NUMAX: 12.03.2024 | V.O. | 115 min

O cabalo galego de monte está a desaparecer, só unhas poucas bestas resisten acosadas polos cuatreiros, os lobos... e agora tamén polos parques eólicos. Ao seu carón, a pequena aldea de Sabucedo preserva algo único: un vínculo ancestral e íntimo cos cabalos salvaxes. Unha vez ao ano a aldea celebra a "Rapa das Bestas" e 15.000 persoas acoden a presenciar o atávico, os veciños cortando as crinas dos cabalos nun enfrontamento corpo a corpo. Cando todos marchan, ninguén ve a realidade detrás da Rapa: cada ano hai menos bestas no monte e -coma nun espello- menos xente na aldea.



Entrevista con Alejandro Enríquez: «Quixen transmitir a vida dunha comunidade cos seus problemas e relacións»

Como xurdiu a idea de gravar o que hai detrás da rapa. Como te achegas ti?

Comecei porque teño amigos alí. Primeiro na rapa en si, e logo comecei a ir xa en inverno, varios anos, e decateime de que esa parte non fora contada. E esa parte é brutal, é un pouco a comunidade entre persoas, cabalos e espazos do monte. Fan comunidade e iso foi o que me enganchou.

Gravar nas condicións meteorolóxicas que reflicte o documental, con animais salvaxes e con xente pouco afeita ás cámaras non debe ser doado. Como afrontaches ese reto? O verdadeiro reto foi contar esa comunidade. De feito, durante o desenvolvemento, os guionistas dicíanme que tiña que me centrar nun personaxe e seguilo. E eu dixen que para nada. Cun só personaxe nunca chegarías a contar a rapa desde os diferentes puntos de vista que hai. O que é o equilibrio de forzos, o xogo de espellos entre uns e outros, unha xeración e outra... todo este tipo de cousas que suceden alí. Pareceume o camiño que había que tomar.

O que sempre tiven claro desde o principio é que a veciñanza de Sabucedo tiña que ser a protagonista. Non ía haber voz en off porque dirixín desde un punto de vista que semelle que eu non estiven alí. Unha dirección transparente no que sexan eles os que falen e digan.

Esa mesma comunidade é moi belixerante cos eólicos, téñense manifestado en numerosas ocasións... O parque máis próximo, o de Rosas, ten alegacións presentadas pola veciñanza e esperan poder paralo. É unha situación moi complexa e hai unha pelexa en marcha. O caso é que alí xa hai eólicos convivindo cos cabalos, e aínda queren poñer máis? Cómpre xestionar un pouco todo isto.

Eses planos compartidos entre cabalos e espectadores tentan chamar a atención de todo isto? Unha vez que pos a cámara e gravar o plano, son os espectadores os que fan seu o plano. Pero está claro que o obxectivo é transmitir o que eu penso. Eu non quería contar a rapa. Para min o sentido da película era transmitir esa sensación de estar no medio dunha comunidade, cos seus problemas e relacións humanas, compartida co monte e os cabalos. Un filme máis de sensacións que de información.

Este grupo de persoas ten algo en común que é a súa resiliencia e ese optimismo de dicir: temos algo que defender. Antes co pelo facíanse cepillos, colchóns e todo tipo de cousas. Sacábase un diñeiro que permitía á aldea saír adiante. Agora os cabalos o que dan é identidade. E isto tamén axuda á comunidade a saír adiante. E é que sen esa identidade sería como calquera outro pobo da zona. E isto dino acotío os personaxes. O documental pode ter un pouso triste por ese medo ao fin dun modo de vida, pero tamén quixen transmitir a enerxía dun pobo, dunha comunidade que se xunta. Desde esa mestura de sensacións é desde onde comecei a película.